

OS OLLOS DAS MENIÑAS ALONGADAS

Pasara todo o día no monte, cortando o toxo co que despois estraría a corte. A pesar de que traballara con ímpeto e só parando para tomar o xantar (un simple freixó acompañado dun par de arenques), a noite, inevitablemente, botáraselle enriba. O ceo estaba espido, sen farrapos brancos que ocultasen as resplandecentes estrelas. E, para embelecer aínda máis aquela paisaxe nocturna, a Lúa relucía en todo o seu esplendor: prateada, enorme e completamente redonda. Así que el, o home desta historia, decidiu quedar a durmir alí, xa que a súa casa quedaba a demasiados quilómetros, e non estaba o corpo, despois de tan dura xornada de traballo, como para soportar unha camiñata de varias horas. Ademais, ben é sabido por todos que o tempo se fai eterno cando camiñas coa noite como única compañeira.

Estaba estendendo a manta, na que levara a comida, cando oíu o primeiro ouveo: intenso e aterrador. O seguinte que escoitou foi algo que se movía entre os mestos castiñeiros que estaban preto del. Volveu a vista e vislumbrou, entre a follaxe, aqueles ollos, tan brillantes eles, coas pupilas alongadas. Tamén puido apreciar o contorno dun animal, un lobo, quizais?, de grandes dimensións.

O primeiro que se lle pasou pola cabeza foi botar a correr. E correu, correu como alma levada polo demo polo primeiro carreiro que atopou, na dirección contraria á do seu lar, mais nada diso era importante xa, pois o único que arrastraba ao seu ser era o pánico e o sentimento de desprotección que cegaba todos os seus sentidos. Decatouse de que a besta que tanto temor lle infundía tamén estaba avanzando canda el, moi cerquiña, entre a vexetación que medraba a un dos lados do camiño. “Por que non me ataca?”, preguntouse a si mesmo. Entón, os pasos do animal que o perseguía adiantáronse aos del e fóronse afastando. Sentíanse cada vez máis lonxe.

O home detívose. O susto inicial desapareceu e deu paso a unha certa tranquilidade. Ía dar a volta, pero a tentativa de quedar a durmir ao aire libre cunha besta roldando polo bosque non era, a verdade,

demasiado apetecible. Nisto estaba cavilando cando divisou unha luz escintilante, posiblemente a luz dunha cacharela, a través da fiestra dunha modesta casa, situada a uns cen metros de onde el se atopaba, e algo agochada entre as árbores. “A miña salvación!” pensou. E alá se botou el a andar, sen darse de conta de que avanzaba na mesma dirección na que o fixera o temible animal.

A porta estaba entreaberta, pero, aínda así (nunca hai que esquecer os bos modais), el petou e esperou a que alguén o recibise.

-Pasa, pasa, que non está a noite como para deambular por aí só-vai se non o estaba!-. O lume está acendido, así que te podes ir acubillando xunta a lareira- dixo unha voz rouca.

O home que o recibira, que tiña o cabelo enguedellado, tapándolle a cara case ata as meixelas, apresurouse a pechar a porta despois de que el pasara.

O cuarto no que entrara era pequeno, ocupado case totalmente por unha lareira, unha mesa e tres ou catro banquetas. Pero o que máis lle chamou a atención foron unhas manchas que había no chan, unhas manchas (anicouse para observalas mellor) de sangue. Seguiu coa vista o rastro que deixara o líquido vital ata distinguir, acurrunchado e ensanguentado detrás da mesa, o corpo sen vida dunha persoa. Era o dono, o verdadeiro dono, daquela vivenda.

E foi entón cando percibiu aquel alento fétido impregnándolle as fosas nasais. O último que sentiu antes de morrer foron as cortantes gadoupas do home lobo atravesándolle a pel do van. E a derradeira visión que levou deste mundo foi a daqueles ollos tan brillantes, os ollos das meniñas alongadas.

Laura Castro Lorenzo, 4ºB